

O *FARO* DE CUNQUEIRO

Iago Castro Buerger

doi:10.17075/mucnoc.2014.028



O TRABALLO E OS DÍAS

Lonxe e melancólicos para sempre os días anteriores a 1936, marcados polo monolingüismo literario e o nacionalismo articulista en cabeceiras como *Galiza*, *A Nosa Terra* e mesmo *El Pueblo Gallego* republicano; escuros pero presentes os anos fascistas de Vértice-1947; e recente a volta a Mondoñedo, a rehabilitación co galeguismo, *Dona de corpo delgado*, Galaxia, Paco del Riego, don Paco, a chamada a filas de Ramón Piñeiro coa súa «Carta a Álvaro Cunqueiro, trobador galego» (1951) e a produción novelesca de Cunqueiro no noso idioma, entre 1955-1961.

Esta é a bagaxe do Cunqueiro que chega ao formar parte da redacción do *Faro de Vigo* en xullo de 1961. Mais Cunqueiro xa viña colaborando co xornal vigués desde o primeiro de ano de 1958 cando abriu a sección «Retratos y Paisajes» que duraría até finais de 1959, período en que escribiría 96 artigos, todos en castelán e asinados por Álvaro Cunqueiro. Polo febreiro de 1960, cambia o epígrafe das súas colaboracións co FV, que pasaría a titular «Una ventana», onde apareceron 49 artigos —todos outra vez en castelán e coa mesma sinatura— até maio de 1961.

O mindoniense, escritor profesional, encara unha década de estabilidade laboral e económica. A cambio, asume outros sacrificios: por unha banda, o de se afastar outra volta do Mondoñedo natal que lle devolvera a tranquilidade e, pola outra, o de se someter á disciplina e rigor que requiría o traballo diario na redacción, é dicir, á escrita industrial.

O feito é que Cunqueiro desenvolveu unha intensa actividade xornalística no FV, xa fose como redactor (1961-64), subdirector (1964-65) ou director (1965-70). Durante este período conviviron varias seccións da man cunqueiriana como foron «Los días», «Correo sin fecha» (máis de trinta artigos entre o 01-09-66 e o 17-04-68, tres deles en galego), «A vuelta de hoja» (tamén máis de trinta —un en galego— entre o 02-03-67 e o 18-09-68) ou os máis descoñecidos «Pronósticos de Álvaro Cunqueiro» onde lle botaba as cartas do tarot francés aos equipos galegos de fútbol. Coa súa chegada ao xornal, naceu tamén a máis emblemática

das sección asinadas polo poeta, «El envés», do que contabilizamos 1116 artigos entre xuño de 1961 e marzo de 1981.

A periodicidade destes artigos foi practicamente diaria, fóra as fins de semana, desde 1961 a 1964, e diminúen considerabelmente unha vez que D. Álvaro entra na dirección do xornal en 1965 (compilamos escasamente 6 no ano 1967, 8 en 1968, 41 en 1969 e só 1 en 1970). A lingua maioritaria, como non podía ser doutro xeito, é o castelán, aínda que en non poucos destes artigos aparecen personaxes das *Semblanzas* que dialogan na lingua do país. Con todo, no ano 1963, atopamos dous artigos en galego: un na significativa data do 25 de xullo, cando glosa Miragres de Santiago, e un outro verbo da figura senlleira do compañeiro Ánxel Fole.

O SUPLEMENTO «LETRAS»

Cabo deste labor con máis ou menos pulsión xornalística, nestes anos Cunqueiro asume a coordinación do suplemento cultural semanal do FV. Nos seus comezos, por volta de 1962, recibirá o nome de «Arte y Letras» que había perdurar até que en 1967 se reduciu a «Letras». A súa periodicidade nos dous primeiros anos de existencia foi bastante irregular, mais xa acostumaba saír os domingos, día que se converteu en inamovible unha vez que se regularizaron as súas aparicións a partir de 1964. Este ano tamén é relevante no terreo da lingua, xa que a súa presenza vai aumentar progresivamente a partir das illadas mostras que temos dos dous primeiros anos: a evolución, como adoito acontece nas literaturas que sobreviven nas marxes, foi do poema á prosa.

Na feitura deste suplemento, Cunqueiro contou coa inestimábel axuda do home que máis se esforzou en retornalo ao rego das letras galegas, Francisco Fernández del Riego. Ambos os dous artellaron este lenzo de traducións, recensións e crítica literaria que reactivou e conectou cultura galega co que acontecía *extramuros*, grazas a verter directamente ao galego artigos de suplementos literarios de xornais como *Le Figaro Littéraire*, *Le Monde* ou *Il Corriere Della Sera*. E isto fixérono practicamente até que finou Cunqueiro en 1981, polo que conseguiron que os máis novos tivesen coñecemento de repertorios —ora clásicos e consolidados, ora contemporáneos e vangardistas— que se producían nas literaturas *normalizadas*, e

ademais en galego, polo que debemos dicir que se trata en conxunto dun magno traballo de semente a prol da cultura galega que até o de agora pouco se tivo en conta. No espello retrovisor está sempre NÓS, a visibilidade, o capital simbólico das literaturas canónicas; agora tocaba a reconstrución do noso corpo literario despois da mutilación, da barbarie. A axuda dos outros, indispensábel.

Unha práctica cotiá que non podemos pasar por alto na escrita do FV era a utilización de PSEUDÓNIMOS, aínda que a afección de Cunqueiro vén de vello. No principio da década de 1940, aparece o pseudónimo máis prolífico do mindoniense, Álvaro Labrada. Con este nome, asinou o *San Gonzalo* (1945) e mais a *Balada de las damas del tiempo pasado* (1945), e seguirá a utilizalo tanto no FV como noutras publicacións. Mais van ser as páxinas do FV, e sobre todo a das «Letras», onde habiten a meirande parte destes falsos nomes do mindoniense: Patricio Mor e Patricio Mindonio foron escollidos en razón co segundo nome de pía do propio Cunqueiro; o de Benito Moirón débese a un seu tío de Riotorto; e os Seoane —Manuel María, Pedro, S.S.— veñen da familia da súa muller Elvira González-Seco Seoane. Outros dous de orixe xa literaria como son Mark ou Marcos Tapley en homenaxe a Dickens, ademais da aparición do afamado e recorrente personaxe cunqueiriano Felipe de Amancia. Os anteriores pseudónimos verificounos tamén o compañeiro de Cunqueiro na composición das «Letras», Francisco Fernández del Riego (1991: 109), quen tamén utilizou un falso nome para asinar as súas críticas literarias: Salvador Lorenzana. A esta listaxe engade González Gómez (1990: 17) uns outros nomes e siglas: Cristóbal Xordán/Jordán, Xusto Cabarcos (X.C.), Ariel García, Manuel da Fonte, C.M., M.B., Carlos Sobrado, Al Farish Ibn Iaqhim al Galizi ou Pedro Mateo.

LITERATURA DESDE O *FARO*

Os orixinais

A relación máis evidente entre a obra literaria e o FV en Cunqueiro é a publicación de orixinais. O autor de *Merlín e familia* foi deitando versos e numerosas publicacións ao longo de toda a súa vida, xa fosen revistas de vangarda poética de

antes do 36 ou xornais de tirada diaria como *El Pueblo Gallego*, *La Región* ou *La Voz*. Mais podemos afirmar que o FV foi, realmente, o refuxio poético durante os últimos 20 anos dun Álvaro Cunqueiro que se declaraba «ante todo poeta». O poeta que mellor entendeu a Manuel Antonio e embarcou nunha posíbel vangarda galega; aquel que contou con innumerábeis imitadores cando o seu neotrobadorismo ocupou o centro do repertorio; aquel que con *Dona de corpo delgado* anunciaba unha poesía máis íntima, confesional; aquel poeta que deixou de publicar atordado polo socialrealismo que dominaba non xa o centro, senón que case a totalidade do campo poético despois do impacto *Longa noite de pedra*. En palabras de Cunqueiro:

Si. Esa fue una de las causas por las que dejé de publicar poesía. Pensé que no tenía sentido seguir publicando cuando, como bien dijo Carballo Calero, me había quedado sin audiencia. Pero no por eso dejé de escribir poesía. No me importó que las modas fuesen otras, porque estaba muy seguro de lo que estaba haciendo, de que ésta era la manera más normal de escribir y que volvería a apreciarse la necesidad de alguien supiera contar un cuento a alguien. (Nicolás, 1994: 95)

Non deixou de escribir, non. E proba diso son os 65 poemas orixinais que rescatamos do FV entre a publicación de «O cabozo» (1961) e o «EPITAFIO a LORD DUNSANY» 20 anos máis tarde. Estes poemas foron en parte compilados na edición de 1991 de *Herba aquí ou acolá* de X.H Costas e ampliados recentemente na edición de *Poesía 1933-1981* (2011) que vén de publicar Galaxia e que inclúe unha serie de poemas apócrifos sobre os que volveremos máis adiante.

En canto á prosa, á marxe da maior ou menor pulsión literaria dos seus artigos, temos noticia outra vez das denominadas *Semblanzas*. Así, un ano antes da publicación de *Escola de Menciñeiros* (1960), xa coñeciamos parte da fauna fantástica galega a través da sección «Retratos y Paisajes». Por alí pasaron en primicia O Gatapedro, O Golpe e Saltaparedes, O Tordavisco e Os animais do Ventureiro. E xente varia dese volume como Perrón da Braña, Matías Vello, Cabo de Lonxe ou Vilarego de Rubal.

Non foron estes os únicos anticipos. Se *Xente de aquí e de acolá* saíu do prelo en 1971, xa en 1962 apareceron no Faro de Vigo os relatos LEIRAS DO MARCO e A CHAQUETA DO MOURO.

Cómpre sinalar que as pezas do Faro non son idénticas ás editadas logo en libro. Moitas delas mostran unha diglosia moi propia da época, utilizando unicamente o galego nos diálogos entre os personaxes populares. Outras teñen parágrafos e mesmo finais distintos aos da versión última. E tamén hai ben outros personaxes e historias susceptíbeis de entraren na triloxía dos retratos que quedaron definitivamente como habitantes das páxinas do xornal vigués. Velaquí, pois, o FV como obradoiro da narrativa curta de Cunqueiro.

As traducións

O gusto por *anosar* víñalle de vello a Cunqueiro, desde os tempos de *Nós* e Hölderlin. Mais é outra vez o FV onde vai deitar o groso da súa práctica tradutora: nin máis nin menos que 588 traducións de máis de 200 autores atopamos nas páxinas do xornal vigués.

Seguindo de preto as *Políticas e poéticas da segunda man* de María do Cebreiro (2011), situamos a Cunqueiro como un tradutor-autor dentro dun paradigma humanista que traballou, arreo, pola apertura da tradición galega a outras culturas literarias. Este quefacer humanista, este encher baleiros ou, noutras palabras, acadar o prestixio do outro, expresáboo directamente o propio Cunqueiro despois de celebrar, nun artigo no FV en 1972, a saída do prelo de Galaxia do *Principiño* e *MacBeth*:

Coidamos que este é un bon camiño, e que o idioma, o desenrolo do noso idioma, e por ende o da nosa cultura, necesita da traducción a el de obras mestres, aínda que non fora máis que por así se lle pide chegar ao linde mesmo das súas posibilidades. Non outra, por de parte nosa, é a intención derradeira das traducións que de poemas de varias falas, nesta páxina de FARO DE VIGO, se fan ao galego. (*Faro de Vigo*, 08-10-1972, p. 22).

Esta busca do capital simbólico, este poñer en circulación a lingua con repertorios de prestixio, podemos encadralo nunha FUNCIÓN EXPANSIVA das traducións do mindoniense, que trouxo ao FV a Shakespeare, Dante, Calvancanti, outra vez Holderlin, Rilke, Baudelaire ou Apollinaire, por citar uns poucos autores do canon occidental.

Malia as moitas traducións no FV, por volta de 1978, Cunqueiro incidía nos grandes ocos do noso sistema literario: «Unha lingua culta ten que ter un Platón,

un Virxilio, e un Shakespeare. Non hai, nesta hora galega, quen entre nós se poida poñer con esas traducións?»

Ademais deste *encher baleiros*, a meirande parte das traducións de Cunqueiro exerceron unha función DIVERSIFICADORA desde dous eixes: dunha banda, aqueles textos importados de sistemas moi alleos para o receptor, xa no tempo como no espazo e, doutra, aqueles textos contemporáneos que para nada se relacionan co repertorio socialrealista central do momento.

O exotismo marcou, deste xeito, unha serie de traducións, nas que inclúo poesía chinesa, xaponesa, hindú ou exipcia, adoito traídas ao galego a través de antoloxías francesas e inglesas.

Entre os textos importados que contribúen a ampliar o repertorio propio, distinguimos aqueles orixenarios de sistemas en condicións parellas ou con historias e mitos comúns que xeran certas relacións, por compartiren o que Figueroa (1996, p. 12) deu en chamar unha mirada solidaria. Esta evocación da solidariedade na tradución actualízase tanto á hora de escoller poemas como nos paratextos, onde se rastrea evidente esta ideoloxía. Proba disto son as numerosas traducións do catalán —con cadanseu eloxio ao autor— que continuamente foron aparecendo no «Letras» e que xa ten estudado González Gómez (2003). Pero ademais podemos cualificar de privilexiadas as relacións co sistema catalán polo feito de conseguir o recoñecemento externo, tan necesario para as culturas en proceso de recuperación como elemento de autoafirmación (Figueroa, 2001: 58). Estas estratexias de supervivencia con claros precedentes na nosa historia contemporánea, utilizounas tamén Cunqueiro co poeta catalán Garcés: «É un poeta de ollada límpida, amiga dos mences e dos solpores, alguén, cáseque sombra, que escoita o mundo, as súas festas e as súas mortes. Galicia débelle gratitude a Garcés, que traduciu ao catalán dez poetas galegos» (31-10-1971, p. 33). Do único testemuño que temos de literatura vasca —un poema de Cuadra Etxaide—, despréndese a mesma visión solidaria intersistémica: «A cousa é que se nos ativéramos aos que se chaman xornaes nacionaes de Madrid, non eistirían nin as falas provinciales de España nin as súas literaturas». Ano 1971.

Fóra xa das fronteiras estatais, temos abondos exemplos onde funciona a mesma estratexia. Así, a idea de compartirmos un pasado mítico celta segue a funcionar para traducir poesía antiga de Irlanda ou, xa modernamente, textos de Padraic Colum ou Yeats —de quen traduciu até dez poemas.

Rematando coa función DIVERSIFICADORA, damos conta daqueles textos do século xx que abren rotas non exploradas daquela pola poesía galega. Así fixo antoloxías de poesía contemporánea grega, sueca ou romanesa. Do italiano temos traducións de Eugenio Montale, «o meirande poeta de Italia e dos primeiros do mundo, Salvatore Quasimodo, Cesare Pavese, Marino Maretti ou Giuseppe Ungaretti. Unha ampla nómina de autores francófonos desfilan polo suplemento «Letras»: Charles Péguy, Gerard d’Houville, Jules Superville e Raymond Queneau. O século XIX e XX da literatura en lingua inglesa tamén ten o seu lugar en «Letras». Escritores británicos como Keats e Thomas Hardy acoden a estas páxinas no galego de Cunqueiro, así como os escritores estadounidenses contemporáneos dos que recolleu un abano ben amplo, onde destacan as traducións de Whitman, Pound, Wallace Stevens, Langston Hughes e un dos autores máis presentes no suplemento, Carl Sandburg. Co radar sempre atento, Cunqueiro verteu tamén ao galego poemas de autores *beat*, tales como Gregory Corso, Ferlinghetti, Ginsberg e Kerouac. Debemos rescatar tamén algunhas achegas que amosan a actualidade e heteroxeneidade do suplemento literario. Falamos, por exemplo, dunha tradución de Celan (09-05-1971, p. 20) co subtítulo «Descoberta dun poeta»; e os cinco textos do checo Vladimir Holan; cando non os nove poemas dun novísimo Leonard Cohen, un poeta novo e prometedor que «agora lle pon música de guitarra aos seus poemas».

Xa vimos como Cunqueiro utiliza a tradución, dun xeito absolutamente consciente, como unha intervención cultural. Pois ben, a estas funcións expansiva e diversificadora podemos engadir unha outra AUTOPOÉTICA.

Ao longo dos versos dos máis de douscentos poetas que verteu ao galego, sobre todo dos traducidos ou versionados nos seus últimos dez anos de vida, achamos moitos argumentos líricos que logo albiscamos na poesía de seu. Hai títulos, anacos de poemas, poemas case enteiros, algúns versos, imaxes, etc, que, ou ben son paráfrases de poemas de Cunqueiro, ou ben Cunqueiro parafraseou as traducións que el mesmo fixo. Encaixa aquí perfectamente a afirmación de Doce (2008): «Todo texto literario é tradución doutro que o antecede, aínda que non estea escrito».

Así e pois, a voz lírica que se vai despedindo decadente dos gozos da vida derramados polo tempo, presentes na poesía última do mindoniense, comparte a poética do soño e viaxe, marxinada no sistema galego, con traducións abundas.

É dicir, o espazo negado que supuxo o silencio longo do poeta Álvaro Cunqueiro tentouno compensar desde as traducións dos poetas cos que máis a gusto dialogaba, libres como eran dos prexuízos aos que el estaba suxeito por seren autores estranxeiros. A estratexia consistía entón na loita contra as convencións locais a través do uso de convencións exóticas, alleas, que van devagar repercutindo na orde do sistema. Estamos ás portas, xa que logo, da muda do modelo literario, e as traducións de Cunqueiro que apostaban pola súa marxinal poética de seguro contribuíron, lexitimando e dándolle o prestixio necesario.

Poñamos algún exemplo. Estes versos de Henri Michaux (18-04-1965, p. 8) que poderían pasar como poemas das «Vellas sombras» de Cunqueiro:

...Ou, sin romperse, como unha taciña,
levaime nos bicos, nos peitos que se erguen
respirando a vida. No sol da mán que sorrí,
nos longos túneles dos osos,
ou nas enrugas da pel da vella amante.

Ou «Séculos pasaron» do irlandés Padraic Colum (25-11-1979, p. 28):

Fai moitos anos que xa non chove no teu rostro
naquel paseo deica o alto de Cuimh.
Quizabes xa pasaron séculos. Levabas
unha bufanda roxa. Deixáchete mollar
e despois sorríche e secácheste.

—Hoxe, dixeches, a choiva cheira a rula e amor.
A min cheirábame a alegría moza,
que viña a ser igual. Bicámonos e choramos
e as bágoas eran outra choiva
que viña do bosque de violíns do corazón,
so o noso corazón posto á luz, ao vento
e máila choiva, no alto de Cuimh.

Ti estás lonxe, e eu vou morrer,
pro endexamáis puiden esquecer as tuas meixelas,
molladas pola choiva de abril.

Na mesma liña, podemos situar o poema de Sandor Petöfi «Erma é a terra» (31-10-1965, p. 10), a quen como a outros autores traducidos no «Letras» —Hölderlin, Rilke, Heine ou Pound— dedicou un poema nas súas «Homenaxes».

Nalgunhas ocasións xa se especifica nos paratextos a sintonía poética co autor, como no caso de Cummings, declarado «home ceibe, ledo e soñador» (31-03-1968, p. 20); Brian Patten, de quen di «non quere cambiar a sociedade e non fai poesía política ou social, senón que quere cambiar o corazón das xentes» (11-01-1976, p. 26); ou Kenneth Patchen, de quen di «non foi mui estimado polos da súa xeneración, pro é un verdadeiro poeta». De quen fala Cunqueiro? Todo o visto lévanos a reclamar, xa que logo, o recoñecemento de Cunqueiro como tradutor/manipulador cultural, en canto a que utilizou o plus ficcional do alleo para introducir novos recursos —limpos dos prexuízos determinados pola marxinalidade á que estaba sometido polo seu posicionamento ideolóxico— co fin de producir innovacións no sistema termo, e lexitimar así a súa poética.

Poemas apócrifos. A alofonía fantástica

Pero Cunqueiro foi máis alá. A combinación da tradución e a pseudonimia utilizounas como estratexia de resistencia, mesmo dun xeito subversivo contra o repertorio poético dominante. O *silencio* do autor xogou nestes anos da súa parte, e aproveitouno para crear os seus ALÓFONOS FANTÁSTICOS (Castro, 2004): 12 falsas traducións de 11 autores inventados por Cunqueiro nunha volta máis do xogo espectral: *Decio Arveanu, Sigurd Hallkness, Enzo Carletti da Muroña, Eliano Ardeanu, Carlo da Marjolana, Erik Triggvason, Argret Svaden, Frank Sigmundson, Knut Tellanken, Enzio Buoncompagni, Giorgio Cantalupo*.

Deste xeito, mediante a alofonía fantástica, Cunqueiro aposta por unha quebra da autoría, xa que utiliza o paratexto «nome do autor» como un outro, e primeiro, filtro ficcional. Tampouco non nos sorprende demasiado nun autor que explorou ao máximo as posibilidades evocadoras dos nomes nos seus actantes: ben desde a mistificación das súas resonancias míticas (Merlín, Sinbad, Ulises, Orestes), ben desde o anonimato popular e extraordinario dos protagonistas da súa narrativa curta. Os pseudónimos, os autores, os alófonos, son outros personaxes máis da tribo cunqueiriana.

Outros lugares comúns entre o xornal e os libros

Estes lugares comúns, estes «vencellos que mantén coas súa narrativa, da que ás veces é xermolo e outras prolongación» dos que fala Vilavedra (1999:242), vertébranse tanto desde unha perspectiva tematolóxica como estilística. En canto aos universos temáticos compartidos, de peneirarmos as reminiscencias literarias nos artigos de Cunqueiro, acharíamos referencias innumerábeis dos elementos de procedencia heteroxénea que configuran os grandes ciclos temáticos da narrativa do mindoniense que ten certeiraamente analizado Nogueira (1996: 1135): o mundo galego, a tradición clásica greco-latina, a tradición oriental, a materia de Bretaña e mais a cultura libresco en xeral. Outro tanto podemos argumentar de analizarmos a obra en verso, sobre todo no Ciclo das Viaxes de *Herba aquí ou acolá*, amencidos sincronicamente cunha serie de artigos publicados no *FV* a propósito das diferentes viaxes do mindoniense.

No tocante ao estilo, as palabras de Cunqueiro cando afirma que «me gustaron mucho las horas de improvisación, la rapidez del trabajo, el comentario del día» (A. Faginas, 1991: 557) serven de pista para caracterizarmos algúns da escrita literaria moi próximos e mesmo debedores do traballo diario no xornal, tales como a improvisación discursiva e argumental, certo descoido das tramas e personaxes, erros na xerarquía enunciativa e mesmo a erudición paródica omnipresente.

Por estes motivos pensamos que a obra xornalística de Álvaro Cunqueiro debe ser compilada e estudada máis fondamente, non xa como un apéndice de curiosidades e teimas varias, senón como unha outra parte —ben significativa cualitativa e cuantitativamente— do macrotexto cunqueiriano, e onde residen intactas moitas das claves interpretativas e evolutivas da obra do mindoniense.

A defensa dun modelo

Nas páxinas do Faro, sobre todo no «Letras», temos unha gran concentración de recursos culturais e literarios que ligan a Cunqueiro coa tradición humanista de NÓS e as elites/axentes culturais do seu presente: *Galaxia*, *Grial*, Piñeiro. A nosa historia, arquitectura, gastronomía, etc. son obxecto de reflexión nestas páxinas, como o é a defensa da súa posición central como narrador na nosa literatura. Cunqueiro defende, en moitas recensións literarias, o seu modelo de

narrativa, auspiciada no famoso chamamento de Piñeiro en 1951 que ten estudado Forcadela (2005), e ataca aqueloutros que, segundo Piñeiro, perden o «mundo imaxinativo, propio da civilización occidental». De aí ás críticas ao *nouveau roman*, símbolo doutra pugna interna na nosa narrativa, ou estoutra reflexión sobre a literatura rusa nas páxinas do «Letras» en 1964:

NON SABEN QUE FAGUER AS MUSAS DOS ESCRITORES SOVIÉTICOS
 Na perdida aldea de Usuch, Gribaciov arrenegou de Moscú, da súa terra amada Moscú. Pro, que escritor vive en Moscú? Durante o inverno hai en Moscú tantas reunións e conferencias que ninguén ten tempo pra escribir. “Recibimos tódolos días algunha invitación, coa postdata: A sua presenza é obligatoria”. A cada telefonada, tremamos: A onde hai que saír correndo hoxe? Que deber hai que cumprir? Hai que botar outro discurso? Pro, onde hai ideas? As ideas novas non nascen cada día”. E máis adiante, comenta: “Ninguén sabe como chamar ás musas, e elas, connosco, non saben que faguer. Quizabes elas tamén esteñan cansas. E cando sentas a unha mesa e cóllela pruma e tes pos a escribir: “ai!, que eu te amo!” resulta que o que che sae é: “Escoitade, camaradas, a declaración de etc. etc. que decide etc., etc., para etc., etc...” En Usuch, Gribaciov, e os seus dos amigos descubren a beleza de Rusia e a súa perenne poesía. Pro aínda en Usuch as cousas non van ben. Hai quen come prados e ríos. Hai unha lei pra protexela beleza de Rusia. Pro ninguén a cumpre. Sentarse a ollar un outeiro coberto de bidueiras, iso é porse en parasito. Non hai o oficio de visitante de bosques... Unha sátira, sin dúbida, pra iniciados. Pro unha sátira. Grabaciov e o outro queren escribir, queren ter o libre oficio de escritor, ir e vir, vaguear, ollar, cantar. Cantar o que lles pete. E non ouvirilles ás musas frases burocráticas... Así van as cousas por ala.

El lerán os novos as páxinas literarias do *Faro*?

O radar de Cunqueiro para a modernidade e a calidade literaria vén de vello, cando mozo embarcou na mesma e solitaria nave vangardista que capitaneou, para sempre e mais despois, Manuel Antonio. O mindoniense foi dos poucos que reparou na excepcionalidade e lucidez do rianxeiro. Cunqueiro reivindicou a Manuel Antonio cando ninguén facía, nas cabeceiras das publicacións vangardistas en que participou —*Galiza, Vallibria*—, difundindo os seus poemas e gabando as súas achegas literarias. Tratouno de mestre.

Este fino oído nunca se atrofiou, como ben mostra o catálogo de autores novos que traduciu para «Letras». Pero tampouco non foi alleo ás novidades que lle máis interesaban da nova literatura galega. Se existe un recoñecemento xeral por parte da crítica da crítica literaria de que a poesía de Álvaro Cunqueiro foi rehabilitada a través dos versos de *Con pólvora e magnolias* (1976) de Ferrín, menos coñecido resulta o feito de o mindoniense saudar efusivamente en 1958 a aparición dun libro de relatos —*Percival e outras historias*—, dun vintelo Méndez Ferrín, a quen agoirou o mellor dos porvires coma escritor galego ademais de recoñecelo como próximo en canto á filiación literaria. Velaquí dous escritores tan distantes no campo político, que proxectaban unha imaxe cara aos demais axentes culturais tan distinta, e que porén comparten o mesmo compromiso, o máis alto, coa linguaxe literaria. Vemos, xa que logo, que o radar seguía a funcionar desde as páxinas do FV.

As páxinas do xornal vigués, daquela, serviron como depósito de repertorios e novidades literarias ou canle de comunicación aberta para os novos autores atentos. Ademais das achegas orixinais e traducións de Cunqueiro, cos temas e motivos que logo se afianzaron no *Herba aquí e acolá*, no «Letras» habitaron recensións, temas e historias que non foron alleos ao decorrer da nosa historia literaria. Unha boa proba, por seguirmos coas relacións de Cunqueiro e Ferrín a través do FV, témola no artigo de 1977 do mindoniense titulado «Un fillo de Galicia»:

Eu, confeso sempre as miñas ignorancias, non sabía deste historia, así que non poido decir quen era o pai de Ponthus, ni cando este reinou entre nós, nin si veu a Galicia a doce Sidonia a compartir o trono co fidel Ponthus. ¡Misterios, imaxinarias familias reás de Galicia, nunca ben sabidas, endexamais comprobadas, dinastías fantasmais! Eu conecía á princesa de Galicia compañeira fidelísima da fermosa e desgraciada Gudrun, pro non sabía ren de Ponthus: nin si eran delambos de mesma caste real. Aquí os teñen a Sidonia e Ponthus, coido que á beira do mar. E como quero saber deles, agora mesmo escribo a Xinebra que me manden *Ponthus et la belle Sidoine* «excellente histoire laquelle fait moult a noter du tres vaillant roy Ponthus fils du roy de Galice». Cando teña lido, xa lles contarei.

Nada máis contou verbo Ponthus o de Mondoñedo, mais en 1987 o cabaleiro vertebral moitas das páxinas da obra central do macrotexto ferriniano, *Breña*

Esmeraldina, obra en moitos outros aspectos debedora da narrativa cunqueiriana, como ten analizado Anxo Angueira (2009). Máis portas abertas.

CODA

Álvaro Cunqueiro non quixo saber de xéneros literarios nin se poñer fronteira ningunha cando se enfrontou á escrita: non xa na súa obra editada en libro, senón que a poesía, o relato e o teatro poboan tamén, moitas veces ao mesmo tempo, as páxinas do suplemento literario «Letras». Abonda ollarmos o exemplo que recolleemos na edición da poesía de Cunqueiro entre 1933-1981: o 04-06-1964 Cunqueiro asina unha crónica da súa viaxe pola Bretaña; nesa mesma páxina, sen sinatura e ocupando o ángulo inferior esquerdo, temos o poema «Condenación de Katell Gollet»; o día seguinte, no seu «Envés», explica a motivación do poema —confirmando a súa autoría a través dun paratexto teatral.

Se para Cunqueiro o xénero literario escollido era apenas unha ferramenta para contar historias, algo secundario, para nós tamén ha de ser así á hora de analizarmos o seu macrotexto. Do contrario perdemos de vez moita da potencialidade da súa obra. Por iso reivindicamos sempre a necesidade dunha edición da Obra Completa, onde deben ter cabida tanto as traducións como a produción xornalística. Así gozaríamos, por fin, enteiramente do patrimonio literario que Cunqueiro estrou aquí e acolá.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANGUEIRA, ANXO: *A espiral no espello. Breaña, Esmeraldina e o sistema literario galego*, Vigo, Xerais, 2009.
- ARMESTO FAGINAS, X. F.: *Cunqueiro: unha biografía*, Vigo, Xerais, 1987.
- ARMESTO FAGINAS, X. F.: «Cunqueiro periodista», en X. M. Salgado e Dolores Villanueva, *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1991, pp. 555-562.
- CASTRO BUERGER, Iago: «Os alófonos fantásticos. Poemas descoñecidos de Álvaro Cunqueiro», *Anuario de Estudos Galegos*, 2004.
- COSTAS GONZÁLEZ, X. H.: Ed. de *Herba aquí ou acolá*, Vigo, Galaxia, 1991.
- COSTAS GONZÁLEZ, X. H. e CASTRO BUERGER, Iago: Ed. de *Dona do corpo delgado, Herba aquí e acolá e Outros poemas. Poesía 1933-1981*, Vigo, Galaxia, 1991.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *San Gonzalo*, Madrid, Editora Nacional, 1945.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *Balada de las damas del tiempo pasado*, Madrid, Alhambra, 1945.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente*, Vigo, Galaxia, 1960.
- CUNQUEIRO, Álvaro: *Xente de aquí e acolá*, Vigo, Galaxia, 1971.
- DOCE, Jordi: «Traducir. Tres asedios», en Javier Gómez Montero, *Nuevas pautas de traducción literaria*, Madrid, Visor, 2008, pp. 13-35.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO: *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*, Vigo, Ir Indo, 1991.
- FIGUEROA, Antón: *Lecturas alleas*, Santiago de Compostela, Sotelo blanco, 1996.
- FIGUEROA, Antón: *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos de comunicación en Galicia*, Vigo, Xerais, 2001.
- FORCADELA, Manuel: *Diálogos na néboa, Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*, Cadernos Ramón Piñeiro (VIII), Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2005.
- GONZÁLEZ GÓMEZ, Xesús: *Álvaro Cunqueiro, traductor*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 1990.
- GONZÁLEZ GÓMEZ, Xesús: «Traducións de poetas cataláns por Álvaro Cunqueiro e outras curiosidades» en Cerdà, Martínez-Gil e R. Vega, *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas*, Sada, Edicións do Castro, 2003, pp. 133-164.
- NICOLÁS, Ramón: *Entrevistas con Álvaro Cunqueiro*, Vigo, Nigra, 1994.
- NOGUEIRA, M^a Xesús: «A Recuperación da narrativa en galego: Alvaro Cunqueiro», en *Historia da literatura galega*, vol. 4 / [dirección, Alberte Ansedo Estraviz, Cesáreo Sánchez Iglesias; colaboradores, Xosé M^a Álvarez Caccamo et al.], Vigo, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1996, pp. 1122-1152.
- PAZOS BALADO, M^a C.: «Álvaro Cunqueiro traductor», en X. M. Salgado e Dolores Villanueva, *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1991, pp. 89-100.
- PIÑEIRO, Ramón: «Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, desde a ladeira dun castro lugués». *Colección Grial*, 3 (1951), *Presencia de Curros y Da Emilia*, Vigo, Galaxia, 103-107.
- RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro: «Políticas e poéticas de segunda man. A espectralidade no proceso da tradución», *Fogar impronunciable*, VIII (2011), pp. 149-163.
- VILAVEDRA, Dolores: *Historia da literatura galega*, Vigo, Galaxia, 1999.